

Andrés Simal
2014

ARCABAT

Sumario:

Xosé M ^a Díaz Castro	2
Somos os de infantil	3
Os de 1 ^o fomos ao principal.....	4
Adiviñas -1 ^o curso.....	5
Os meus xogos - 2 ^o curso	6
Contos para vós	7
Na Idade Media - 3 ^o curso	11
Viaxe no tempo - 4 ^o A.....	12
Lendo libros - 4 ^o B	13
XV Intercambio Cavour – Froebel - 6 ^o	14
Somos poetas - 5 ^o curso	16
Festa dos maios	18
Pasatempos	19
Pontenciencia.....	20
Apuntes do curso 2013 – 2014.....	21

Xosé M^a Díaz Castro

Naceu Xosé M^a na parroquia dos Vilares, concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914.

Procedía dunha familia labrega, polo que tivo que traballar nalgunhas faenas agrícolas igual que o facían os nenos daquelas épocas.

Os seus primeiros estudos realizounos na veciña escola de Buriz e continuounos na súa aldea natal na “Escola da Conchada” construída cos cartos enviados polos seus veciños emigrados en Cuba.

Aos 15 anos ingresou no Seminario de Mondoñedo para seguir os estudos de crego e alí escribiu os seus primeiros poemas, chegando a publicar algúns no xornal “El Progreso Villalbés”, de Vilalba en Lugo.

Ao deixar o seminario dedicouse ao ensino e a estudar diferentes idiomas, traballando como tradutor en Madrid, chegando a ser encargado dos servizos de tradución de francés, inglés, alemán, italiano, portugués, holandés e linguas escandinavas.

É autor dun único libro de poemas en lingua galega, “Nimbos”, editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano, a vida, a morte e o paso do tempo.

Este ano a Real Academia dedícalle o Día das Letras Galegas pola defensa e uso que fixo do noso idioma.



Somos os de infantil



SALEVEMOS AOS ANIMAIS EN PERIGO

CANDO NA CLASE ESTUDIAMOS CHINA, DESCUBRIMOS QUE O OSO PANDA ATÓPASE EN PERIGO

AQUI ACHEGAMOS UNS DATOS PARA QUE COÑEZADES UN POUCO MÉ LLORA ESTE ANIMAL:

- NOME - OSO ALTURA : 75 CM
- DURACION - 20 AÑOS
- PESO -> 160K g
- LONGITUDE -> 1 metro e medio

HABITAT -> BOSQUES DA MONTAÑA DA CHINA

ALIMENTACION:

BAMBO / INSELTOS / FROITOS
 PRECISAN 40K g. AO DIA



OS DE 1º FOMOS AO “PRINCIPAL”



IMOS RECICLAR



Se o aire puro queres respirar

Os prados verdes debes coidar,

Se o medio ambiente queremos salvar



Un pouco teremos que traballar

Se un rapaz listo ti queres ser

Moito coidado co grifo debes ter,

As cousas verdes temos que plantar

Para o aire puro poder respirar

Lembra que as luces debes apagar

Porque senón ímonos arruinar,

Se a terra todos queremos salvar

Non queda outra: imos reciclar



AS ADIVIÑAS DE 1º



A miña vila é costeira, soña co mar.

No meu vello barco vou pescar

Son o

É unha planta con moitas sementes que xira e xira buscando o sol

Son o



Son ave moi elegante, aínda que non sei voar e que a pesar de non ser peixe gústame moito nadar.

Quen son ?.....



OS MEUS XOGOS FAVORITOS

Eu son unha nena que xoga moito. Cando estou
coas miñas amigas xogamos ao pilla-pilla, se imos a
pasear coa miña tía e o meu irmán Eduardo collos
a corda para saltar á comba. As veces cando estou
soa na miña casa xogo ás monecas coas Barbies.
Xogar, é moi divertido!



CONTOS PARA VÓS

Nós pensamos, maduramos e escribimos contos.

Os nosos contos son sinxelos de ler e encántanos que vós sexades os nosos lectores, por iso aquí vos van os primeiros premios do XVIII Certame de Contos que se celebrou neste curso.

O sol e a lúa

Unha noite, o sol non foi quen de durmir.

Así, foi a carón da lúa para pedirlle consello. A lúa díxolle que contara estreliñas para ver se lle viña o sono.

O sol contounas pero aínda que tiña sono non adormeceu.

Ao día seguinte de mañá, o sol non podía alumear e non lle quedou outra que pedirlle á lúa que o substituíra.

A lúa non podía, porque se estaba de día, non podía estar de noite. Así que ...

A lúa pensou e pensou ata que...xa sei!


– Volvo agora mesmiño, dixo a lúa.

E volveu da súa casa cun

bolígrafo, un globo, uns xornais, uns garabullos ben delgadiños e iguais, un pincel e un bote de pintura laranxa e outro amarelo.

A lúa inchou o globo, pegoulle os xornais e os garabullos e logo pintounos de amarelo e laranxa; era de mentira, pero era un sol.

Autora: Inés González Riveiro. 2º Curso do 1º ciclo.



Os reloxos fantásticos

Onte foi o meu aniversario. A miña familia regaloume un reloxo e eu dixen:

- Para que quero un reloxo de parede? Xa teño un de pulso.
- É que este reloxo non é un reloxo normal é un reloxo fantástico! contestáronlle seus pais.

Ao primeiro non o cría pero... agora que o teño colgado na parede do meu cuarto, si que o creo. O reloxo ri, consólame,ponse triste...

Por exemplo: Hoxe, a miña amiga Paula enfadouse comigo e eu estaba moi apesurada, pero cando lle contei a Parlanchín, o reloxo, o que me pasaba, consoloume inmediatamente e explicoume como era a súa vida antes. Entendín que o reloxo pode estar triste, porque cando estaba na tenda tiña moitos amigos, pero agora non ten case ningún.

Esta é a razón pola que o vou levar á tenda; quero que volva ver aos seus amigos.

Díxenlle ás miñas amigas se me querían acompañar e todas dixeron que si. Como lles encantou o meu reloxo, todas elas compraron un e agora todos os reloxos son moi, moi amigos.

Autora: Lidia Barba San Antonio. 2º curso do 2º ciclo de primaria.



Segredo no Faio

Nunha cidade, preto de aquí, vivía Martiño, un neno que tiña un futuro moi interesante xusto nas vellas enciclopedias do seu avó.

Aquel día de maio, facía algo de frío e os pais de Martiño foran ao aniversario duns amigos seus e quedara na casa dos avós.

A avoa comezou a facer a cea e o avó púxose a ver a televisión. Martiño como estaba aburrido, decidiu subir ao faio; sempre atopaba cousas curiosas alí.

Unha vez atopou unha cuncha e dentro había un peixiño morto. Tamén atopaba fotos antigas e divertíase moito adiviñando quen era quen.

Cando ía subindo tropezou e caeu; ao dar co chan, viu na baldosa un 11. Era xusto a súa idade.

Entón viu unha foto no chan.

- O da foto son eu – pensou Martiño.

Por detrás da foto poñía: “Pisa no once, pisa no dez menos un e suma dous, a clave é”. Martiño viu que ao lado da baldosa que tiña un once, había unha que tiña un dez e ao lado outras máis con números, fixo o que poñía na foto e...Ao fondo da sala o andel que había xirou e apareceu outro andel cunha cor diferente cheo de enciclopedias.

- Xenial! Todo isto para unhas aburridas enciclopedias –dixo Martiño.

Como non tiña nada que facer, comezou a ler unha de cor dourada que brillaba moito. De súpeto apareceu un remuíño que o absorbeu, golpeouse cun “T” e apareceu ao lado duns tigres que estaban falando dentro da enciclopedia.

Martiño díxolles.

- Ola, vós sodes carnívoros?
- Neno, ti suspendes “coñecemento” ou o medo paralizouche o cerebro, pois claro, somos carnívoros! exclamaron os tigres.

Botou a correr, e do que correu, saltou da páxina 824 da enciclopedia ata a 122.

Ía caer de cabeza na auga pero por sorte un “4” paroulle a caída. O “4” desapareceu e acabou na auga.

Un peixiño mirouno con cara de alucine e el levou un bo susto... Pero non levara o susto polo peixe senón porque un navío enorme ía cara el.

Nestas escoitou:



- Colón, Cristovo, o noso capitán!!

Martiño pensou:

- Oh non, vou morrer esmagado polo navío de Cristovo Colón no 1492!

Os do navío viron que no mar había alguén e cando conseguiron recoller a Martiño, deixárono vivir no barco.

- Quero para cear hamburguesa con patacas fritidas e pepsicola – dixo Martiño.
- Aquí hai peixe e a calar – contestou Colón.
- Terraáá á vistaáá! – berrou o grumete.
- Neno, deixarémoste nesta illa – dixo Colón.
- Non, non por favor! – gritou Martiño, pero deixárono alí.

Quedou triste e púxose a pensar. Nestas, viu ao lonxe, na popa dun barco, a figura dunha serea.

- Que fermosa é! – pensou.
- Neno, xa estou farto de terte nas miñas follas, sae! – exclamou alguén.
- Quen dixo iso? – preguntou Martiño
- Quen ía ser? – eu, a enciclopedia, e continuou – Queres saír?
- Si, por favor! – dixo Martiño.

Cando saíu a enciclopedia, díxolle:

- Neno, queres vivir máis aventuras? Entón, ábreme pola páxina 12 e di o código que está alí, xa verás...

Martiño así o fixo.

- Mmm... páxina 12, código 60124.

De súpeto abriuse un pasadizo segredo. Martiño pasou por el e ao final estaba... na cociña!!

Alí estaba a súa avoa que lle dixo.

- Ola Martiño, que aventura, non si? – e seguiu - asustácheste? – o teu avó e máis o teu pai tamén se asustaron cando descubriron o segredo do faio.

Martiño non articulaba palabra.

- Veña, come a cea – díxolle a avoa.

Cando xa estaba na cama, Martiño comezou a pensar no que lle pasara e que, ao día seguinte, ía contarlles aos seus pais esa fantástica aventura, pero sen esquecerse daquela fermosa serea...

Autora: Sara Rodríguez Vence. 1º curso do 3º ciclo de primaria.

Na Idade Media

Alto!

Estades a entrar no reino de **Soutoledo**.

Tede conta da boca lingua e actos ... Pois este reino está baixo a protección das damas e cabaleiros dos seis castelos: **ESCUDO DE ARMAS**

Castelo da muralla,

Castelo da néboa escura

Castelo do día e da noite

Castelo do dragón,

Castelo do lume,

Castelo do bosque e

Cabaleiros errantes.



Lema: "Tanto como poida"

Todos moi leais que responden ante a raíña Victoria, alcumada "A Esixente".

O reino de Soutoledo

Este curso, en terceiro, estudamos a época medieval. A nosa mestra qixonos unha proposta, que consistía en que se nos portabamos ben, a nosa clase en vez de ser unha clase sería un reino, no que houbera castelos. Ela pensou un nome para o reino: chamárialo Soutoledo. A maioría dos castelos son de catro persoas, e un de tres. Cando unha persoa se porta mal para de estar nun castelo a ser errante. Temos unha taboa na que están os nomes dos castelos, cada castelo ten catro cadros, cando un castelo galla en algo, pórtenlle unha cruz. E cando conseguen as catro cruces, os demais castelos ganllo un asedio dunha materia. Se gañan ese asedio quítanlle todas as cruces e súbenlle a nota da materia, se perden esmoucanlle o castelo. Os nomes dos castelos son: Néboa, Dragón, Muralla, Lume, Día e Noite, Bosque e os tres cabaleiros errantes. Cada castelo ten unha orde de paladíns 0,1,02,03 e 04 e no castelo de tres persoas 01,02 e 03. Cada paladín dura unha semana. O paladín é o que dirixe o castelo.



VIAXE NO TEMPO AO CASTELO DE SOUTOMAIOR

O día 11 de febreiro o alumnado de 3º e 4º visitamos o castelo de Soutomaior.

Está situado nun lugar alto de difícil acceso e rodeado por unha muralla que antigamente servía para defenderse dos inimigos.

Recibiunos un guía que nos explicou que iamos coñecer como se vivía na Idade Media.

A entrada á Torre do Homenaxe era moi estreita para que os inimigos tiveran que entrar de un en un e así poder derrubalos.

Os cabaleiros usaban, para as batallas, unha “cota de malla” que pesaba tanto que case non os deixaba mover.



Aprendemos como loitaban, miramos as armas que utilizaban, e mesmo probamos a manexar unha espada, un arco e unha catapulta.

Nesa época tiñan moitas ferramentas que se seguiron utilizando durante séculos.

Usaban o astrolabio para orientarse.

Despois demos un paseo polos fermosos xardíns.



Lendo libros



OS MEDIOS DE TRANSPORTE NA IDADE MEDIA



Durante todo o segundo trimestre, estivemos lendo o libro "Marco Polo no fue solo". E a partir dese libro fixemos un traballo sobre á navegación e os seus instrumentos na Idade Media.

Aínda que tardamos bastante tempo mereceu a pena porque saímos moi ben e aprendemos moitas cousas novas.



Os transportes na idade media

Todo o tránsito por terra se facía ou ben a pé ou a lombo de animais: cabalos, mulas, camelos; ou nas carruaxes tiradas por estes mesmos animais, nas poucas estradas que había.

Na Idade Media os vehículos rodados coma os carros eran útiles para percorrer distancias curtas, pero utilizábase pouco nas vías longas debido ao mal estado dos camiños.

A montura era un medio moi utilizado: cabalo, mula ou asno. Era tamén a gatiña de comiñar, perniña a carga e adaptábase ben aos camiños rústicos. Normalmente non se ía a galope, nin sequer ao trote. Frecuentemente trotábase de animais de aluguer.

O transporte por terra era de mercadorías lixeiras e de alto valor engadidas mercadorías e persoas. Normalmente os circuitos nos que se movían os artigos eran curtos, xa que non adoitaban superar o ámbito interregional. Era levado a cabo por amigos profesionais especializados, que durante moitos séculos se agruparon en torno a gremios privilexiados. O transporte de mercadorías pesadas e voluminosas requiría máis medios. Tamén adoitaban ter circuitos curtos, de ámbito local ou rexional, que dependían das feiras e os mercados. Este transporte era responsabilidade de persoas vinculadas ao pobo produtor, que, de xeito temporal e de forma estacional, abandonaban as tarefas agrícolas se dedicaban ao comercio por quedas, entre os mozos e adultos do pobo. Pero tamén había transporte de longa distancia con produtos de pouco peso e alto valor engadido. Existían por entón dous tipos de vias: os camiños de gerradura, polos que só podían circular muleiros, bostas,



XV INTERCAMBIO CAVOUR – FROEBEL



Un ano mais e xa van quince continuamos realizando a experiencia do intercambio entre as escolas Cavour e Froebel.

No mes de marzo as alumnas e alumnos italianos estiveron con nós. Viviron en familia, asistiron a clase, coñeceron a cidade e compartimos risas e xogos.

En maio devolvémoslle a visita, viaxamos ao seu país.

Antes de chegar ao noso destino, Catania e a Scuola Cavour, estivemos en Roma. Tivemos ocasión de coñecer os monumentos máis notables ...tamén degustamos as pizzas e xeados, por suposto !!!.

Vivimos unha experiencia inesquecible polo que supuxo compartir, con outras persoas de culturas distintas, as vivencias diarias.

A nosa opinión

Durante a estadía en Pontevedra:

“Dai miei compagni di classe ho imparato alttre parole spagnole, il gioco con la corda e a fare braccialetti con “gomas””

“.....Ho imparato la lingua e ho visto che sono simpatici, scherzosi, amichevoli,.. Mi hanno fatto sentire uno di loro. Se non capivo delle domande, non ridivano come altri, ma cercavano di aiutarmi....”



“...Questa visita mi é piaciuto molto perche ci siano divertiti ... Non scordero mai Pontevedra e i miei amici spagnoli...”

“Ter aos compañeiros italianos na clase significou aprender palabras novas, xogos novos...”

“.....Unha alegría porque así podo ter amigos novos, saber un pouco da súa cultura, pero tamén un pouco de tristeza pois sabemos que van marchar...”

Os que viviron a experiencia de Catania

“... Unha forma de coñecer alumnos doutros países, facer amigos novos e aprender deles”

“...Foi unha viaxe que sempre recordarei porque eu sempre me digo: ”aproveita as oportunidades e non as deixes pasar”.

“...De Roma o Vaticano, o Coliseo e sobre todo a Fontana di Trevi era o que máis ganas tiña de ver...”



“... De Catania o Obelisco do elefante que simboliza a cidade, o Concello que tiña unhas pinturas maravillosas, a sala de plenos...ata fun presidenta dos deputados.... Foi xenial

“ A cidade tiña un paseo moi bonito e tranquilo e cada día cambiaba a hora”

“ A escola Cavour era moi grande, moito máis ca nosa e con moitos nenos e nenas..”

“ Gustoume moito a visita ao Etna aínda que pasamos moito tempo no autobús”

“ A chocolatería de Acireale foi chulísima, había de todo pero de chocolate: marcos, ordenadores....



PABLO AJURIA QUEIPO, CARLOS BALBOA CINTRÓN, LAURA BAQUERO LÓPEZ , FELIPE DOBARRO GONZÁLEZ, YAIZA FERNÁNDEZ GARCÍA, DANIEL GARCÍA CHANTRERO, JULIÁN MUÑIZ LORENZO, PAULA PIÑÓN PENELA, PABLO RÚAS FERNÁNDEZ , ISABEL SEGADE PEDROSO, DAVID VILLANUEVA GARCÍA, GIULIA RIZZO, ALESSANDRO PANCIERA, GAIA ADAMO, NICCOLO´ ADAMO, LORENZO PITTALÁ, VITTORIA BARBERI, ANTONIO CALCARA AGNESE ACCIARDI, VIOLA MERCURI, FEDERICO GALATÁ, GIUSEPPE PARATORE, ELENA SIRCHIA

Somos Poetas

No mes de maio sentímonos especialmente inspirados e aquí vos van os nosos versos.

Estes poemas titúlanse “Maio” e foron escritos polo alumnado de 5º curso.


Maio, gústame o teu nome
maio, mes das flores
maio, días soleados
maio, aroma do verán
maio, quinto mes
maio, fin das choivas
maio, luminoso
maio, verde e frondoso
maio, tempo de felicidade
maio, festas e bailes sen parar
maio, festivos para gozar
maio, alegría sen final.
Iago Covelo



Maio, maio,
un doce agasallo,
flores e cereixas
maio nos deixas.
Mes de harmonía,
mes de simpatía
con flores na man
benvido maio será!
Xogos no campo
tamén na pradeira
xogando cos amigos,
xa é primavera!
Sara Rodríguez



Maio é moi longo
 cos seus trinta e un
 e sen cantar coplas
 non queda ningún.
 Maio é o das cores
 maio é o das flores
 maio é o das coplas
 maio é o das festas
 con moitos amores.
 Maio é o quinto
 despois do abril
 ten días máis claros
 non fai falla o candil.
 Chegounos o maio
 Cheíño de cor
 Cargado de flores
 E cheiro a frescor.
 Uxía Sueiro



FESTA DOS MAIOS

O día 29 de abril saímos ao campo na procura de fiúncho, pampullos, laranxas e outras flores. Os ovos xa os fomos xuntando nos días anteriores grazas a todas as tortillas e biscoitos que comemos.



Seleccionando fiúncho



Facendo a coroa

O día 1 de maio saímos cara a Ferrería para cantar o maio, vender coplas e desfrutar xuntos, nenos/as, nais/pais, profesores e demais persoas, desta festa tradicional tan fermosa.



Pasatempos

- Clave, diagonal: nome do libro de poemas de Díaz Castro

- Verticais:

1-Círculos luminosos que rodean a cabeza dos santos


2-Primeiro apelido do escritor homenaxeado este ano polo día das Letras Galegas.

3-Do revés, idioma que coñecía moi ben ese escritor

4-Hai un poema que fala da ...que comían as vacas que coidaba

5-A Terra Cha está na provincia de...

6-Estudou e coñecía moi ben moitos ...



Busca estas palabras e tradúceas a algúns dos idiomas que coñecía Díaz Castro:

Galego Inglés Italiano Alemán Francés Portugués Holandés

Neno _____

Colexio _____

Maestro _____

Soño _____

Árbore _____

Nai _____

Aprender _____

Educar _____

PONTENCIENCIA

O venres 6 de xuño fomos á Escola de Forestais a participar no primeiro certame de Pontenciencia. Presentábamos uns experimentos que fixemos na clase. O primeiro de todo foi facer os grupos e logo fixemos os traballos en cartolina e “power point” e os experimentos. Foi moi divertido traballar en grupo.

Na feira de Pontenciencia, os traballos escollidos tiñan que explicar a experiencia ante un xurado. Era moi interesante escoitar como explicaban o seu experimento os compañeiros.

Ademais uns alumnos do IES Sánchez Cantón explicáronnos como funcionaban unhas vacinas, tamén había outros experimentos que nos ensinaban alumnos de instituto.

Pero o que máis nos gustou foi a actividade de “teatro científico” no auditorio, onde un profesor facía moitos experimentos. El preguntaba por que sucedía e algúns sabían responder pero moitos non. Entre os máis interesantes vimos: como estoupa un globo con lume, como non pode funcionar unha radio dentro dunha gaiola, como facer voar un papel de aluminio, disparar con fume,...


Foi moi divertido.

Alumnos de 6º de primaria



APUNTES DO CURSO 2013 – 2014

- No setembro comezamos o curso con moita ilusión.
- No outono escribimos contos e celebramos o magosto.
- Con ledicia e curiosidade visitamos o Castelo de Soutomaior.
- Fomos visitados polos profesores polacos do Proxecto Comenius.
- Escribimos un fermoso conto de Nadal e fixemos un libriño con el.
- Saímos ao teatro, recreámonos e vivimos as aventuras cos personaxes.
- Visitamos no novo museo “Sopros do Nadal”, que marabilla de cristais!
- Que festa fixemos saboreando as sobremesas do Entroido!
- Postos na cociña, fixemos un precioso libro para o Salón do Libro Infantil.
- Recibimos a visita do alumnado da Escola Cavour de Catania, Sicilia.
- Cos italianos viaxamos a Coruña. Que museos máis interesantes!
- Nós fomos a Italia, país, que recordaremos sempre.
- Saímos a circular cos karts. Que pasada!
- No mes de abril o alumnado de infantil visitou Apópolis. Que rico estaba o mel!
- Cantamos o maio na Ferrería, levamos algún premio. Preparádevos para o ano.
- Na primavera saímos a facer unha andaina pola Senda do Gafos, visitamos un muíño e aprendemos cousas da natureza.
- Pensamos e escribimos contos para o XVIII Certame de Contos. Que contentos estabamos todos na entrega de premios!
- Algúns profes devolveron a visita aos polacos, pareceulles moi instrutiva e interesante.
- Coa primavera chegou a poesía, as flores, os amores... tanto en infantil coma en primaria.
- Xa é San Xoán. Felices vacacións!!!





Nenos



Princesas



Castelos



CEIP FROEBEL. EDGL.

SUBVENCIONADO POLA CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN e ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA